

Resolución do 11 de febreiro de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convoca a selección de centros para participar no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) durante o curso 2020/21.

O desenvolvemento da competencia dixital non se acada co simple uso de ferramentas senón que hai que promover o uso crítico, creativo e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). Para poder alcanzar unha boa competencia dixital en educación, as TIC non poden ser introducidas como un fin en si mesmo senón como un medio a través do cal se produza un cambio na metodoloxía no proceso de ensino-aprendizaxe.

A Comunidade Autónoma de Galicia desenvolveu por medio do Proxecto Abalar desde o curso 2010-2011 un proceso de incorporación das novas tecnoloxías ao sistema educativo en todos os seus ámbitos, proceso entroncado na estratexia xeral de incorporación de Galicia á Sociedade da Información e do Coñecemento e nos seus programas transversais de desenvolvemento e promoción das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).

A incorporación das TIC á educación en xeral, e aos procesos de ensino-aprendizaxe en particular, é xa unha realidade en Galicia, e móstrase como unha peza fundamental para producir o cambio metodolóxico que leve a conseguir o obxectivo dunha mellor calidade educativa. En efecto, os recursos dixitais non só fan accesibles os contidos necesarios para o proceso educativo nunha presentación distinta da tradicional, de libro en papel a libro con contido dixital, senón que proporcionan novas oportunidades para un maior desenvolvemento das competencias clave para o alumnado e para o desenvolvemento de novas metodoloxías docentes máis acordes coa transformación educativa en marcha.

A importancia do desenvolvemento dos novos currículos de primaria e secundaria nun contorno dixital, mediante proxectos de educación dixital parte dos proxectos educativos dos centros, reflíctese tanto no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, como no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establecen respectivamente os currículos de educación primaria e educación secundaria e bacharelato.

O proxecto de Educación Dixital (E-Dixgal) naceu como proxecto experimental no curso 2014-2015 coa intención de proporcionar aos centros educativos dentro do Proxecto Abalar unha proposta integral para facilitar o desenvolvemento de proxectos de educación dixital, mediante a incorporación de materiais dixitais en 5º e 6º de educación primaria e en 1º e 2º da ESO. Unha



vez finalizado o carácter experimental do proxecto e consolidado o seu desenvolvemento, cómpre seguir coa súa ampliación para que os seus beneficios se sigan a estender por medio dos proxectos educativos dixitais dos centros.

O programa diríxese aos centros cunha cultura dixital afianzada como parte do seu proxecto educativo, apoiado e coñecido pola comunidade educativa, e en especial polas familias, que se verán beneficiadas cunha maior alfabetización dixital na súa contorna próxima ademais dos aforros en custos nos materiais educativos. Por outra banda, posibilitarase un maior aproveitamento dos recursos dixitais dispoñibles e a súa adecuación e, no seu caso, actualización ás necesidades cambiantes tanto a nivel de hardware como de software que a sociedade da información esixe no seu continuo avance.

Dado que o efectivo aproveitamento do programa, require da dispoñibilidade dunha conectividade á rede axeitada e de aulas dixitalizadas cos recursos necesarios para o desenvolvemento dunha educación dixital, considéranse centros e aulas Abalar, aqueles que contén cunha conexión de datos con velocidade nominal mínima de baixada de 100 Mbps, e aulas Abalar aquelas aulas dixitalizadas que contén cos elementos do kit de aula dixital: EDI, proxector e equipo no posto do profesor e conexión á rede de datos do centro.

Ademais, séguese a traballar constantemente na ampliación do repositorio de contidos do espazo Abalar, que actualmente supera os 3400 recursos, como opción para complementar o proxecto educativo dixital dos centros.

Co fin de convocar os centros ao proxecto de Educación Dixital (E-Dixgal), enmarcado na Estratexia Galega para a Educación Dixital “Edudixital 2020” e no Proxecto Abalar.

RESOLVO

Primeiro. *Obxecto*

Convocar e establecer as bases para a selección de centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que se incorporarán vez no curso 2020-2021 ao proxecto Educación Dixital (E-Dixgal).

Segundo. *O proxecto Educación dixital*

O proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) ten como obxecto favorecer o desenvolvemento de proxectos integrais de educación dixital, facilitando aos centros a dispoñibilidade de libros dixitais



e doutros materiais dixitais cos que poidan desenvolver o seu proxecto curricular de 5º e 6º de educación primaria e 1º e 2º da ESO no curso 2020-2021.

Os centros adscritos a este proxecto, contarán coa conexión á rede axeitada, os medios tecnolóxicos necesarios na aula así como tamén para o profesorado e alumnado; e terán acceso a unha contorna virtual de aprendizaxe cos contidos gratuítos proporcionados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Os centros deberán utilizar para o desenvolvemento curricular materiais de referencia dixitais, que poden proceder desta contorna e/ou ser proporcionados polo centro. Se o centro conta con libros e outros materiais didácticos dixitais poderán empregarse como complemento ou apoio.

Terceiro. Destinatarios

Poderán participar no procedemento de selección desta convocatoria os centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan no curso 2020-2021 ensinanzas de 5º e 6º de educación primaria e/ou 1º e 2º da ESO.

Cuarto. Requisitos dos centros educativos de nova incorporación

4.1 Para que un centro poida participar neste proceso de selección é necesario que cumpra os seguintes requisitos:

- 1) Presentar un proxecto segundo o guión establecido no apartado sexto.
- 2) Asumir o compromiso de utilizar materiais dixitais como referencia para o desenvolvemento curricular, segundo o seguinte calendario:
 - No curso 2020-2021 en 5º de educación primaria e/ou 1º da ESO. Estenderá o uso dos materias no curso 2021-2022 a 5º e 6º de educación primaria e/ou 1º e 2º da ESO, mantendo nos cursos seguintes o proxecto educativo dixital neste niveis, cando menos.
- 3) O centro educativo deberá contar con aulas dixitalizadas (cos elementos do kit de aula dixital – EDI, proxector e equipo no posto do/a docente e conexión á rede de datos do centro) en todas as aulas implicadas no programa, así como cunha conexión de datos cunha velocidade nominal mínima de baixada de 100 Mbps.





- 4) No caso dos centros que soliciten a súa incorporación na etapa de educación primaria, deberán impartir todas as materias en modalidade dixital.
- 5) Nos centros que soliciten a súa incorporación na etapa de educación secundaria obrigatoria, todo o alumnado deberá recibir un mínimo de seis materias a elección do centro en modalidade dixital, segundo o curso correspondente e tendo en conta que as materias Relixión - Valores Éticos contabilizaranse, no seu caso, como unha única materia. Do mesmo xeito, todas as materias de libre configuración (agás a materia de libre configuración autonómica obrigatoria) computarán como unha única materia.

4.2 A participación neste proxecto pode ser causa de exclusión noutras axudas ou subvencións para o mesmo fin convocadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Quinto. Continuidade dos centros E-Dixgal

Para os centros que están a participar no proxecto E-Dixgal durante o curso 2019-2020, considerarase automaticamente prorrogada a súa participación e non precisarán realizar unha nova solicitude como consecuencia do proceso de continuidade e consolidación do proxecto.

Sexto. Requisitos do proxecto

O proxecto non deberá superar as 10 páxinas e deberá de incluír como mínimo os seguintes apartados:

- Breve introdución descritiva do contexto do centro.
- Xustificación da solicitude.
- Tecnoloxía e velocidade da conexión á rede do centro educativo.
- Compromiso de que as aulas que se van empregar no programa son aulas dixitalizadas (cos elementos do kit de aula dixital – EDI, proxector e equipo no posto do/a docente, cobertura WiFi suficiente para todos os equipos, e conexión á rede de datos do centro e a Internet).
- Experiencia educativa coas TIC no centro.





- Modelo organizativo e metodolóxico previsto para o desenvolvemento do proxecto e para garantir a súa continuidade.
- Designación da persoa coordinadora do proxecto, que será tamén a encargada da coordinación Abalar, de ser o caso, agás causas debidamente xustificadas. A designación realizarase preferentemente entre o profesorado definitivo do centro, e asignación de horas dentro do seu horario lectivo e/ou complementario, en número suficiente para as funcións propias, aproveitando as marxes que ofrece a actual configuración do réxime horario do profesorado. Para a realización da proposta debe terse en conta que se valorará a experiencia da persoa proposta no emprego e dinamización das TIC.
- Nome das materias que se impartirán en dixital no caso de proxectos para educación secundaria obrigatoria.
- Procedemento de avaliación interna do desenvolvemento do proxecto, especificando os indicadores de logro vinculados aos obxectivos propostos.
- Calquera información que se estime relevante e que poida ser tida en conta para a selección do centro.

Sétimo. *Compromisos dos centros educativos.*

Os centros educativos que sexan seleccionados mediante esta resolución deberán asumir, polo menos, os seguintes compromisos:

- a) Desenvolver o programa segundo as pautas establecidas no proxecto presentado, que se incorporará ao proxecto educativo do centro, e impulsar a súa continuidade cando menos durante catro cursos escolares e en función da súa avaliación.
- b) En colaboración coa Administración educativa, realizar unha adecuada divulgación da iniciativa entre toda a comunidade educativa, con especial incidencia no alumnado e nas familias, de xeito que se achegue a información necesaria e se realice a adecuada sensibilización en relación con esta programa.
- c) Realizar un seguimento periódico das actuacións previstas no programa.





- d) No caso do profesorado implicado e do equipo directivo, segundo corresponda, deberá participar nas actividades de formación vinculadas ao proxecto que se planifiquen tanto desde o centro como desde a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
- e) Garantir a participación activa da persoa coordinadora do proxecto e dalgún membro do equipo directivo nas reunións de traballo que desde a Administración educativa se establezan.
- f) No caso da comunidade educativa, participar activamente no deseño, aplicación e avaliación das actuacións previstas no programa.
- g) Manter o programa durante catro cursos académicos.
- h) No caso do profesorado participante, comprometerse a participar na formación específica que se oferte dentro do programa. A formación no centro articularase obrigatoriamente no marco dos Plans de Formación Permanente do Profesorado, para o que recibirán o asesoramento da Rede de Formación do Profesorado.
- i) Colaborar na detección e difusión das boas prácticas para a educación dixital tanto a niveis formativos como de divulgación e comunicación.

Oitavo. Actuacións da Administración educativa

A Administración educativa desenvolverá nos centros seleccionados mediante esta resolución as seguintes actuacións:

- a. Asesoramento e apoio da Rede de Formación do Profesorado da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
- b. Asesoramento e asistencia técnica da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).
- c. Potenciación do traballo en rede dos centros e docentes para o intercambio de coñecementos e experiencias.
- d. Seguimento e apoio a través dos servizos de Inspección Educativa.
- e. Difusión das boas prácticas que se desenvolvan nos centros educativos, entre





outros medios, mediante canles institucionais como a rede de formación permanente do profesorado ou plataformas colaborativas como espazoAbalar.

- f. Actualización, de ser o caso, dos recursos e equipamento vinculados ao proxecto.

Noveno. *Presentación de solicitudes, documentación e prazo de presentación*

Cada centro poderá enviar unha única solicitude segundo o documento anexo, asinada pola persoa directora do centro.

Xunto coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación:

1. Proxecto no que se concretarán os detalles para a implantación do proxecto durante o curso 2020-2021, así como para a súa continuidade en cursos posteriores.
2. Méritos docentes da persoa proposta para a coordinación. Para acreditar a súa participación nas actividades ou programas que as persoas solicitantes indiquen nesta relación, deberán presentar as correspondentes certificacións acreditativas. No caso de que estas certificacións consten no expediente de datos persoais da persoa coordinadora (<https://www.edu.xunta.es/datospersoais>), non será necesario que presente a documentación xustificativa. A persoa designada para esta función exercerá a coordinación dos proxectos Abalar e E-Dixgal, de ser o caso, agás causas debidamente xustificadas e recibirá unha única certificación de innovación pola integración do proxecto de educación dixital.

As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A). Xunto coa solicitude achegaranse tanto o anexo I como a documentación xustificativa que non conste no expediente de datos persoais da persoa coordinadora.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365, <https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>.

Ademais, remitirase copia da solicitude e da documentación ao correo electrónico edixgal@edu.xunta.es segundo os prazos establecidos.



O prazo para a presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación do anuncio desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ata o 23 de Marzo de 2020, incluído.

Décimo. Selección de centros

1. Criterios de selección e número de centros

a) A valoración das solicitudes presentadas realizarase tendo en conta os seguintes criterios:

- 1) Viabilidade do proxecto de centro e das súas condicións tecnolóxicas: ata 30 puntos.
- 2) Valoración do currículo e experiencia da persoa coordinadora: ata 10 puntos.
- 3) Grao de implicación da comunidade educativa manifestado por medio do apoio recibido por parte do Claustro e do Consello Escolar: ata 30 puntos.
- 4) Nos centros que soliciten o ingreso en educación secundaria obrigatoria, número de materias que se impartirán en dixital: ata 30 puntos.

b) Seleccionaranse un máximo de 75 centros de nova incorporación. Na selección de centros procurarase manter a proporcionalidade existente entre centros segundo a súa titularidade.

2. Comisión de selección

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional seleccionará os centros que se integrarán no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) no curso 2020-2021 mediante unha comisión coa seguinte composición:

- Presidente:

Subdirector/a xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado.

Vogais:

- Director/a da Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais da Axencia para Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) ou persoa en quen delegue.
- Subdirector/a xeral de Centros ou persoa en quen delegue.





- Subdirector/a xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo ou persoa en quen delegue.
- Un/unha xefe/a de servizo da Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado.
- Xerente de proxectos de Educación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) ou persoa en quen delegue.
- Unha persoa funcionaria da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa que desempeñará a función de secretario/a.

A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada só para os efectos de colaborar na valoración dos aspectos técnicos que se lle encomenden.

Esta comisión rexerase polo previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño.

3. Proceso de selección

A Comisión de selección, para os efectos dun mellor coñecemento e valoración das solicitudes, poderá realizar peticións de informes, por medio da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, a Inspección Educativa ou aos técnicos da Consellería ou a Amtega.

A Comisión valorará as solicitudes presentadas de conformidade cos criterios de selección, establecidos no punto 1 e, no prazo máximo dun mes, que se computará a partir do día en que finalice o prazo de presentación das solicitudes, fará pública a resolución provisional, que se difundirá no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal>

A publicación abrirá un prazo de cinco días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias. Transcorrido este prazo, unha vez estudadas e, se é o caso, atendidas as mencionadas reclamacións e renuncias, a comisión de selección elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que resolverá a relación final de centros seleccionados. A resolución definitiva dos centros seleccionados publicárase no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal> e no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta resolución poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal>, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das



Administracións públicas.

As solicitudes consideraranse desestimadas de non quedar resolta a convocatoria no prazo de cinco meses desde a data de publicación desta orde.

Décimo primeiro. *Avaliación*

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Amtega realizarán un seguimento e unha avaliación da implantación e desenvolvemento do proxecto nos centros adscritos ao proxecto Educación Dixital (E-Dixgal).

O incumprimento das condicións e dos compromisos recollidos nesta resolución poderá ocasionar a exclusión do centro do proxecto.

Décimo segundo. *Recoñecemento*

O profesorado que participe activa e regularmente no proxecto a través do Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA), e despois de ter sido sometido a valoración, recibirá unha certificación como actividade de innovación educativa, cunha equivalencia de 30 horas de formación do profesorado. No caso da persoa coordinadora do proxecto E-Dixgal esta certificación terá unha equivalencia de 50 horas de formación.

Décimo terceiro. *Difusión dos traballos*

A Xunta de Galicia resérvase o dereito de difundir os traballos e experiencias realizados no desenvolvemento do proxecto polos centros adscritos ao proxecto Educación Dixital (E-Dixgal).

Décimo cuarto. *Aceptación*

A participación neste procedemento supón a aceptación do disposto nesta resolución.

Décimo quinto – *Consentimentos e autorizacións*

Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo



presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Excepcionalmente, nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Décimo sexto. Datos de carácter persoal

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos do seu expediente persoal.

2. Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como son os diarios oficiais, páxinas web e os taboleiros de anuncios.

3. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos.

Décimo sétimo. Entrada en vigor

Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da publicación do anuncio desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.





Disposición adicional primeira

A selección do centro para participar no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) pode dar lugar a cambio dos libros de texto segundo o punto 2 da Orde do 29 de maio de 2013 pola que se determina o período de vixencia dos libros de texto e demais materiais curriculares.

Disposición adicional segunda

No caso de que o número de centros con valoración favorable de proxecto supere os límites establecidos no apartado décimo 1.b), a comisión de selección poderá realizar unha proposta superior ao dito límite xustificada na viabilidade dos proxectos e dentro dos límites tecnolóxicos da plataforma que dea soporte ao Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA) e dos recursos tecnolóxicos e formativos dispoñibles.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López





ANEXO I

PROCEDEMENTO CONVOCATORIA PARA A PARTICIPACIÓN NO PROXECTO DE EDUCACIÓN DIXITAL E-DIXGAL	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--------------------------------

DATOS DO CENTRO SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL		CÓDIGO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM	BLOQ	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA		LUGAR			
<input type="text"/>		<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE			
<input type="text"/>			

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO	NOME DA VÍA	NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA		LUGAR			
<input type="text"/>		<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			

CONSELLO ESCOLAR

DATA DE CELEBRACIÓN		FAVORABLE Á PARTICIPACIÓN NO PROXECTO E-DIXGAL (SI/NON)	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
INTEGRANTES DO CONSELLO ESCOLAR CON DEREITO A VOTO		INTEGRANTES CON DEREITO A VOTO PRESENTES NA VOTACIÓN	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
VOTOS FAVORABLES	VOTOS CONTRARIOS	VOTOS EN BRANCO	VOTOS NULOS
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>



ANEXO I
(continuación)

CLAUSTRO DE PROFESORES/AS

DATA DE CELEBRACIÓN

FAVORABLE Á PARTICIPACIÓN NO PROXECTO E-DIXGAL (SI/NON)

INTEGRANTES DO CLAUSTRO CON DEREITO A VOTO

INTEGRANTES CON DEREITO A VOTO PRESENTES NA VOTACIÓN

VOTOS FAVORABLES

VOTOS CONTRARIOS

VOTOS EN BRANCO

VOTOS NULOS

PROPOSTA PARA A COORDINACIÓN DO PROXECTO

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

ACTIVIDADES IMPARTIDAS

ACTIVIDADES EN QUE PARTICIPOU

ACTIVIDADES QUE COORDINOU

OUTROS PROXECTOS OU EXPERIENCIAS

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
2. Que sexa admitida a presente solicitude de participación na selección para o proxecto educativo Educación dixital E-DIXGAL segundo os termos da Resolución 11 de febreiro de 2020
3. Que o Consello Escolar do centro coñece o contido e as características da convocatoria para a participación do centro educativo no proxecto Educación dixital da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia.
4. Que o Claustro de profesores/as coñece o contido e as características da convocatoria para a participación do centro educativo no proxecto Educación dixital da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia.
5. Que o proxecto E-Dixgal se vai implantar progresivamente comenzando o curso 2020/2021 en:
 5º Educación Primaria 6º Educación Primaria 1º ESO 2º ESO
6. Que o centro se compromete a utilizar a materiais dixitais nas áreas e grupos sinalados durante o curso 2020/2021 e dándolle continuidade en cursos posteriores



ANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU QUE SE DECLARA QUE ESTÁ EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE				
<input type="checkbox"/> Proxecto				
	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO
<input type="checkbox"/> Méritos docentes da persoa proposta para a coordinación	<input type="checkbox"/>			

Autorizo á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e co artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.
Así mesmo, declaro que a dita documentación está vixente e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e mais información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais .

Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

LEXISLACIÓN APLICABLE
Resolución do 11 de febreiro de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a selección de centros para participaren no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) durante o curso 2020/21.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE							
Lugar e data							
<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 40%; height: 20px;"></td> <td style="width: 5%; text-align: center;">,</td> <td style="width: 10%; height: 20px;"></td> <td style="width: 5%; text-align: center;">de</td> <td style="width: 20%; height: 20px;"></td> <td style="width: 5%; text-align: center;">de</td> <td style="width: 15%; height: 20px;"></td> </tr> </table>		,		de		de	
	,		de		de		